



COLEXIO OFICIAL DE
PROTÉSICOS DENTAIS
DE GALICIA
CONSELLO GALEGO

COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS
DENTAIS DE GALICIA

16 de abril de 2021

REXISTRO SAÍDA Nº 96

CIRCULAR 5/2021

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2021

Estimado/a colexiado/a:

1.- PROCLAMACIÓN DE CANDIDATURA ELECTA

Transcorrido o prazo límite para a presentación de candidaturas, tan só foi presentada unha única candidatura, consecuentemente a Xunta Electoral, acordou a omisión da realización dos comicios fixados para o día 26 de marzo de 2021, co que, unha vez cumprimentados os prazos de lei, procedeuse a proclamar electa a única lista de candidatos presentada, encabezada por D. Avelino José Sanmartín Caamaño, quedando constituída a nova Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia como segue:

TITULARES:

Presidente: Avelino J. Samartín Caamaño
Vicepresidente: Miguel Ángel Rodríguez Ramos
Secretario: José Ramón Rey Álvarez
Tesoureira: María Alicia Rodríguez Díaz
Poñente de Cultura: Santiago García Ferrón

VOCAIS:

Primeiro: Belén Martínez Troncoso
Segundo: Laura Casal Fernández
Terceiro: Lucía Otero Cerdeira
Cuarto: José Caamaño Martínez

En cumprimento do mandato previsto nos Estatutos, foi remitido ao Diario Oficial de Galicia (DOGA) o anuncio da certificación do acta da proclamación da candidatura electa, quedando definitivamente proclamados como cargos electos titulares e suplentes unha vez cumpridos os trámites e prazos previstos no seu artigo 49 dos Estatutos.



COLEXIO OFICIAL DE
PROTÉSICOS DENTAIS
DE GALICIA
CONSELLO GALEGO

2.- IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS. CERTIFICACIÓNS

Tal como vimos recordando anualmente con motivo do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (I.R.P.F.), concretamente o artigo 19.2.d da Lei 35/2006 establece que as cotas satisfeitas aos Colexios Profesionais son deducibles no citado Imposto como é o noso caso. Deste xeito, aqueles colexiados/as interesados/as na obtención da certificación do abonado por cotas colexiais durante o exercicio 2020, poden voluntariamente **obter o certificado, enviando a súa solicitude/autorización á Secretaría do Colexio** por e-mail: coprodega@coprodega.es

3. PROCESO DE VACINACIÓN

Tal e como se informara a todos os colexiados na circular 3/2021 de 16 de febreiro de 2021, o Colexio recibira un requirimento remitido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, segundo a cal se solicitaba a este Colexio a remisión da **relación de profesionais colexiados** que estiveran a desenvolver a súa actividade nos laboratorios da Comunidade Autónoma de Galicia, indicando nome e apelidos, DNI, teléfono, data de nacemento e distrito sanitario de pertencencia, aos efectos de **organizar o proceso de vacinación por COVID-19**.

Atendendo ao anterior, o Colexio procedeu a informar a todos os colexiados solicitando así mesmo a actualización ou confirmación dos seus datos efectos de atender o requirimento realizado pola Consellería de Sanidade.

Considerando as incidencias particulares que se están a suceder e viñades comunicando ao Colexio con motivo do proceso de vacinación, isto é esquecementos da data de vacinación, desexo de modificar os datos... o Colexio dirixiuse á Consellería de Sanidade dándolle traslado da diversidade de incidencias acaecidas que nos foron notificadas polos colexiados.

A tal efecto, a Consellería contestou indicando que todos aqueles colexiados que teñan calquera tipo de incidencia en relación co proceso de vacinación deberán comunicarse **persoalmente ao SERGAS** chamando ao seguinte **número de teléfono 881 542 930** onde se lles abrirá un expediente facendo constar a incidencia comunicada. Igualmente **os colexiados que non acudiron a vacinarse** unha vez remitida a cita ao efecto, poderán dirixirse ao **mesmo teléfono** onde se lles sinalará unha **nova data para vacinarse posteriormente**.

Subliñar que o proceso de vacinación de profesionais sanitarios colexiados como é o noso casose está a realizar **de xeito prioritario**, por telo así solicitado, entre outros, este Colexio, en beneficio de todos os protésicos dentais inscritos no Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia, por ser esta unha profesión con colexiación obrigatoria e onde se presume que todos **os profesionais están incorporados ao Colexio**.

4. COLABORACIÓN DOS LABORATORIOS

Queremos salientar a colaboración da maioría dos laboratorios de prótese dental de Galicia, achegando a información requirida por parte do Colexio, **remitindo o listado de profesionais protésicos dentais que desenvolven as súas actividades nos laboratorios**, achegando paralelamente tamén cómpre dicilo, altas colexiais dos citados profesionais, o que supuxo unha axuda e un impulso importante no que o procedemento de vacinación se refire e igualmente no que se refire á regularización da profesión.

Paralelamente á remisión dos datos remitidos polos laboratorios —se ben hai laboratorios que non atenderon ao requirimento realizado— e das solicitudes de colexiación recibidas, no Colexio **estanse a recibir comunicacións sobre laboratorios e algúns profesionais que continúan en situación irregular**, non cumprindo coa legalidade vixente contemplada tanto na Lei de Colexios Profesionais como na Lei Galega de Saúde Pública, isto é, **non ter licenza de funcionamento de fabricantes de produtos sanitarios a medida ou non dispoñer de todos os protésicos dentais colexiados**, aos efectos de que por parte do Colexio se tomen as accións oportunas a tal efecto.

Tendo en conta que entre as funcións do Colexio, contempladas nos seus Estatutos, se atopa a defensa da profesión así como **adoptar as medidas necesarias para combater o intrusismo profesional e a competencia desleal, por parte do Colexio non cesaremos no obxectivo prioritario que procura a defensa da profesión baseada no 100% de colexiación como termo da competencia desleal e intrusismo profesional para defender as competencias profesionais do protésico dental no seu espazo de traballo, o laboratorio dental.**

Atentamente,



Asdo.: Avelino Sanmartín Caamaño
Presidente do C.O.P.D.G.